

***herrumbre** *f.* **ferruxe.**

***hervir** *v. tr. e i.* **ferver.**

***hetaira** *f.* **hetera.**

heterodoxia [ks] *f.* 1. Desconformidade co dogma dunha relixión. 2. Por extensión, desconformidade con doutrinas ou prácticas xeralmente admitidas. ♦ *Ant. ortodoxia.*

heterodoxo -a [ks] *adx.* Que se afasta da doutrina ou da opinión oficial, sobre todo no relativo a unha relixión. *Ant. ortodoxo.*

heterosexual [ks] *adx.* 1. Dise da relación erótica entre individuos de sexo oposto. 2. *adx. e s.* (Dise da) persoa que mantén este tipo de relación. ♦ *Ant. homosexual.*

heteroxéneo -a *adx.* 1. Composto de partes de diferente natureza. 2. Diferente. ♦ *Ant. homoxéneo.*

hexaedro [ks] *m.* **Xeom.** Sólido de seis caras. • **Hexaedro regular** *Xeom.* Cubo.

hexagonal [ks] *adx.* 1. Pertencente ou relativo ao hexágono. 2. Dise do polígono de seis lados e seis ángulos.

hexágono [ks] *m.* Polígono de seis lados.

hexasílabo -a [ks] *adx. e s.* (Dise do verso) de seis sílabas.

hexemonía *f.* 1. Supremacía ou dominio económico, político ou cultural que un Estado exerce sobre outros. 2. Por extensión, supremacía cultural, comercial etc. dun organismo, dunha etnia etc., sobre outros. ♦ *Sin. supremacía.*

hécira *f.* Era dos musulmáns, que se conta desde o 15 de xullo do 622, en que Mahoma fuxiu da Meca a Medina.

hiato *m.* 1. Encontro de dúas vogais que se pronuncian en sílabas distintas. 2. Cacofoanía que resulta do encontro de vogais.

hibernación *f.* 1. Estado de sopor con diminución das funcións vexetativas no que caen algúns animais durante o inverno. 2. Descenso artificial da temperatura con fins terapéuticos.

hibernar *v. tr. e i.* Poñer, caer ou estar en hibernación.

híbrido -a *adx. e s.* 1. (Aplicáselle ao) animal ou vexetal creado por dous individuos de distinta especie. 2. (Dise de todo) o que é produto de elementos de distinta natureza.

hida *f.* 1. Monstro da mitoloxía grega que ten figura de serpe, con sete cabezas capaces de rexenerarse se eran cortadas.

2. Nome común de varios celentéreos hidrozooos, de forma cilíndrica e 20-30 mm de lonxitude, con varios tentáculos nun dos seus extremos.

hidratar *v. tr.* 1. Combinar unha substancia coa auga. 2. Tratar algo con substancias que lle devolvan a humidade natural.

hidrato *m.* **Quím.** Combinación dunha substancia con unha ou varias moléculas de auga. • **Hidrato de carbono** Glicídico.

hidráulica *f.* Ciencia que estuda as leis que rexen o equilibrio e o movemento dos fluídos.

hidráulico -a *adx.* 1. Pertencente á hidráulica. 2. Que se move por medio da auga. 3. Que se endurece en contacto coa auga. 4. Dise de quen sabe ou practica a hidráulica.

hidroavión *m.* Avión provisto de flotadores, que serven para que poida pousar na auga.

hidrocarburo *m.* Cada un dos compostos químicos resultantes da combinación do hidróxeno co carbono. Trátase da combinación orgánica máis simple. Os *hidrocarburos saturados* conteñen unicamente enlaces simples carbono-hidróxeno. Os *hidrocarburos non saturados* caracterízanse pola presenza nas súas moléculas de un ou varios enlaces múltiples carbono-carbono. Actualmente, a principal fonte de hidrocarburos está constituída polo petróleo e o gas natural, que xunto co asfalto e as ceras minerais son os *hidrocarburos naturais*, orixinados pola descomposición de restos orgánicos en rochas sedimentarias, e que representan a principal fonte de recursos enerxéticos da humanidade.

hidroeléctrico -a *adx.* Pertencente ou relativo á produción de enerxía eléctrica mediante a forza hidráulica.

hidrofobia *f.* 1. Horror á auga. 2. Rabia.

hidrografía *f.* Estudo dos mares e as correntes de auga.

hidrosfera *f.* Totalidade das augas da superficie do globo terráqueo.

hidrosolúbel ou **hidrosoluble** *adx.* Dise dos corpos solubles en auga.

hidróxeno *m.* (H) Elemento químico, o primeiro da táboa periódica e o máis simple de todos os elementos. Número atómico 1, peso atómico 1,008. O seu átomo está constituído por un só protón e

un só electrón. Descuberto por Cavendish en 1766. É un gas inflamable, inodoro e incoloro, 14 veces máis lixeiro ca o aire. Entra na composición de numerosas substancias orgánicas. Combinado co osxéno forma a auga. O aire da atmosfera contén pequenas cantidades de hidróxeno. Tamén se atopa nos gases volcánicos e nos que emanan das fontes naturais. Obtense industrialmente a partir da auga ou das mesturas gasosas que o conteñen. Utilízase industrialmente na síntese do amoníaco e do metanol, na fabricación dos petróleos sintéticos, como alimentador dos sopretes de soldadura autóxena etc.

hidróxido [ks] *m.* Composto químico formado pola unión dun elemento ou radical co anión OH⁻.

***hiedra** *f.* **hedra.**

***hiel** *f.* **fel.**

***hielo** *m.* **xco.**

hiena *f.* Nome de varios mamíferos carnívoros dos hiénidos (xén. *Hyaena*); son nocturnos, con gadoupas e catro patas, as anteriores máis ergueitas, e adoitan alimentarse de prea. Viven en Asia e África.

hilaridade *f.* 1. Expresión tranquila de gozo. 2. Risa ruidosa e sostida.

***hilo** *m.* **fió.**

***hilvanar** *v. tr.* **ganduxar.**

himno *m.* Composición poética cantada en honor dunha divindade, unha persoa, unha colectividade etc.

***hincha** *s.* **seareiro.**

***hinchar** *v. tr., i. e pr.* **inchar.**

hindi *m.* Lingua indoeuropea da India setentrional. É a lingua oficial do país desde 1949, data da súa independencia.

hindú *s.* 1. Natural ou habitante da India. 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo á India e aos seus habitantes.

hinduísmo *m.* Doutrina derivada do brahmanismo. Baséase na crenza nunha trindade sagrada (Trimurti) formada por Brahma, Visnú e Siva. É maioritaria na India.

***hinixo** *m.* **follo.**

***hipar** *v. i.* **impar².**

hipérbato *m.* **Gram.** Cambio na orde das palabras segundo a sintaxe regular.

hipérbolo *f.* **Xeom.** 1. Curva plana definida como o lugar xeométrico dos puntos nos que a diferenza de distancias a dous

puntos fixos, chamados focos, é constante. Postúe dous eixes de simetría. 2. Figura retórica que consiste en aumentar ou diminuir exaxeradamente a verdade daquilo de que se fala.

hipérico *m.* Planta gutifera medicinal (*Hypericum perforatum*), de froito en forma de corazón. *Sin. abeluria, herba das feridas, herba de san Xoán.*

hipermercado *m.* Supermercado de grandes dimensións, situado xeralmente na periferia das cidades.

hipermetropía *f.* **Ópt.** Trastorno da visión polo que se formula a imaxe máis atrás da retina.

hipertensión *f.* Aumento da tensión do líquido dun recipiente. • **Hipertensión arterial** *Medic.* Aumento da presión do sangue nas arterias. ♦ *Ant. hipotensión.*

hipertrofia *f.* 1. Aumento excesivo do volume dun órgano, ou doutra parte do corpo, debido a un desenvolvemento anormal. *Ant. atrofia.* 2. *fig.* Calquera tipo de desenvolvemento ou aumento excesivo de algo.

hípica *f.* Conxunto de deportes que se realizan sobre cabalos, como son o polo, carreiras, saltos etc.

hípico -a *adx.* Relativo ao cabalo.

hipnose *f.* Estado artificial de sono producido por suxestión ou por substancias químicas, en que o hipnotizado é inducido a facer determinadas cousas por outra persoa.

hipnotismo *m.* 1. Técnicas empregadas para provocar a hipnose. 2. Ciencia que estuda os fenómenos da hipnose.

hipnotizar *v. tr.* 1. Producir hipnose. 2. *fig.* Fascinar, cativar, enfeitiñar.

***hipo** *m.* **impo.**

hipocorístico -a *adx. e s.* 1. *Gram.* (Dise do) nome usado como designación familiar (*Sinda*, por Gumerinda; *Pépe*, por Xosé). 2. *adx.* Que expresa cariño, afecto etc.

hipocrísia *f.* Finximento e aparencia de calidades ou sentimentos distintos dos que se teñen ou experimentan.

hipócrita *adx. e s.* Que, ou quen, finxe ou aparenta o que non é ou o que non sente.

hipódromo *m.* Lugar para carreiras de cabalos e carros.

hipopótamo *m.* Mamífero paquidermo dos hipopótamidos (*Hippopotamus amphibius*), duns 4 m de longo e 4 t de peso,

de pel grosa e escura, cabeza gorda, con orellas e ollos pequenos e boca moi grande. Vive xunto aos grandes ríos de África.

hipoteca *f.* 1. Gravame que recae sobre bens inmóbles ou mobles para responder do cumprimento dunha obrigación ou do pagamento dunha débeda. 2. Ben ou bens con que se garante o pagamento dun crédito.

hipotenusas *f. Xeom.* Lado oposto ao ángulo recto nun triángulo rectángulo.

hipótese *f.* Suposición dunha cousa, para sacar dela unha consecuencia. *Sin. cábala, especulación, conxectura, suposición.*

hipotético -a *adx.* Fundado nunha hipótese, e, polo tanto, non seguro. *Sin. suposto.*

hippy (*pl. hippys* ou *hippies*) *adx.* 1. Pertencente ou relativo a un movemento de protesta de carácter libertario e pacifista, xurdido nos EUA durante os anos sesenta do s. XX. 2. *s.* Membro dese movemento.

hirsuto -a *adx.* Dise do pelo disperso e duro, e do que está cuberto de pelo desta clase ou de pugas ou espiñas.

hisopo *m.* 1. Planta vivaz das labiadas (*Hisopus officinalis*), de follas lanceoladas e flores pálidas. É aromática e úsase como tónico e estomacal. 2. Pau cunha bóla oca e con buracos, usado para espaxear auga bendita.

hispanico -a *adx.* 1. De España. 2. Relativo a todos os países de fala española.

hispanidade *f.* Carácter xenérico de todos os pobos de lingua e cultura hispánicas.

hispano -a *adx.* 1. Relativo a Hispania. 2. Relativo a España ou a Hispanoamérica. 3. *adx.* e *s.* Nome que se lles dá nos EUA aos hispanoamericanos residentes alí.

histeria *f.* 1. Neurose que causa trastornos sensoriais, motores, vasomotores etc. 2. Por ext., excitación esaxerada e incontrolada.

histórico -a *adx.* 1. Relativo á histeria ou propio dela. 2. *adx.* e *s.* (Dise da) persoa afectada de histeria. 3. (Dise de) quen manifesta unha excitación esaxerada e incontrolada, e se comporta habitualmente deste xeito.

historia *f.* 1. Ciencia que estuda os acontecementos do pasado relativos ao ser humano e ás sociedades humanas. 2. Por extensión, o propio desenvolvemento

destes acontecementos. 3. Narración e exposición verdadeira dos acontecementos pasados. 4. Narración dunha experiencia, un feito etc. 5. Obra literaria onde se relacionan acontecementos históricos. 6. *fig.* Narración inventada. 7. *pl. fig.* Ditos, contos.

• **Historia clínica** Recompilación de datos sobre un enfermo para establecer un diagnóstico. **Historia natural** Descrición dos seres vivos e do seu medio. **Historia universal** A de todos os pobos e épocas do mundo. **Deixarse de historias** *col.* Ir ao esencial.

historiador -ora *s.* Especialista en estudos históricos, que investiga na historia ou que escribe obras de historia.

historial *adx.* 1. Da historia. 2. *m.* Síntese sobre os antecedentes dun negocio, dunha persoa etc. *Sin. currículo; palmarés.*

histórico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo á historia. 2. Investigado, comprobado, certo. *Ant. fabuloso, fantástico, ficticio, mítico.* 3. Digno —pola súa transcendencia— de figurar na historia ou de ser recordado.

historieta *f.* Breve historia contada por medio de debuxos, acompañados ou non de palabras.

histrión *m.* 1. Actor que actuaba disfrazado no teatro clásico. 2. Actor teatral mediocre, ou que actúa de xeito esaxerado ou ridículo co fin de provocar a risa ou unha reacción fácil no público. 3. Persoa que se expresa con grande afectación. *Sin. bufón, pallaso.*

***hixastro -a** *s. fillastro.*

hixiene *f.* 1. Parte da medicina que ten por obxecto a conservación da saúde, mediante a prevención de enfermidades e circunstancias nocivas. 2. Limpeza, aseo.

hixiénico -a *adx.* Relativo á hixiene, ou conforme ás súas regras.

ho! *interx.* 1. Denota chamada ou apelación a unha persoa do xénero masculino. *Anda axiña, ho!* 2. Substitúe a palabra *home*, mediante apócope. *Non ho, non.*

hobby [ghobi] *m.* Actividade que un realiza por afección no tempo libre. *Sin. pasatempo.*

***hocico** *m. focino.*

hóckey [gho'quej/ghoqui] *m.* Deporte que consiste en impulsar unha bóla ou un disco cun bastón curvo (*stick*), a fin de

introducilos na portaría contraria. Pódese practicar sobre herba, sobre xeo ou sobre patíns.

hogano *adv. t.* 1. No ano presente. 2. Por extensión, nesta época, no presente, hoxe en día.

***hogar** *m. fogar.*

***hola!** *interx. ola!*³.

***hollar** *v. tr. pisar.*

***hollín** *m. feluxe.*

holocausto *m.* 1. Sacrificio dos antigos israelitas, no que se queimaba a vítima. *Sin. inmolação.* 2. Vítima así sacrificada. 3. *fig.* Acto de abnegación por amor. 4. Exterminio sistemático dun grupo social, étnico, relixioso etc. *Sin. xenocidio.*

***hombro** *m. ombro.*

home *m.* 1. Ser animado racional. Baixo esta acepción compréndese todo o xénero humano e calquera individuo, independentemente do seu sexo. 2. Criatura racional do sexo masculino. 3. O que chegou á idade viril. 4. O casado, en relación á muller. *Sin. marido, esposo.* 5. Nunha relación de parella, persoa do xénero masculino. *Sin. compañeiro.* • **Home andado** Vello, ancián. **Home de letras** Xestista. **Home da rúa** Xente corrente. **Home de Estado** Político, estadista, gobernante. **Home de igrexa** Eclesiástico. **Home de palla** O que actúa por vontade doutro. **Home de pelo en peito** O forte e atrevido. **Ser outro home** Ter cambiado moito.

homenaxe *f.* 1. Xuramento solemne de fidelidade dun vasalo cara ao seu señor. 2. Acto ou actos en honra dunha persoa.

homenaxear *v. tr.* Honrar unha persoa ou a súa memoria.

homicida *adx.* e *s.* 1. Que, ou quen, cometeu homicidio. 2. *adx.* Propio da persoa homicida. 3. Que ocasiona a morte dunha persoa.

homicidio *m.* Morte causada a unha persoa por outra, executada ilexítimamente e, polo común, con violencia. *Cf. asasinato, crime.*

homilía *f.* 1. Comentario das lecturas bíblicas durante a misa. 2. *fig.* Discurso con fin moral ou censurador. ♦ *Sin. sermón.*

homínido -a *m.* 1. Exemplar dos homínidos. 2. *m. pl.* Familia de primates superiores orixinados hai uns 14 millóns de anos, dos que proceden as razas humanas actuais.

Os homínidos evolucionaron respecto aos restantes primates (hominización), adquirindo a postura erecta (bipedestación) e unha maior capacidade craniana. Os dous xéneros inequivocamente humanos e máis antigos son o *Australopithecus* e o *Homo*, xurdidos, respectivamente, hai uns catro e tres millóns de anos. Deste último deriva o *Homo sapiens* actual. 3. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a estes primates.

homófono -a *adx.* 1. Dise das palabras que significando cousas distintas soan do mesmo modo. 2. Dise do canto no que todas as voces soan igual.

homógrafo -a *adx.* Aplícaselles ás palabras con distinto significado e que se escriben igual (*gato*, animal; *gato*, elevador).

homológabel ou **homologable** *adx.* Que se pode homoloxar.

homologar *v. tr.* 1. Registrar e confirmar un organismo autorizado o resultado dunha proba deportiva desenvolta en virtude de certas normas. 2. Autorizar a autoridade oficial as normas de calidade dun produto. 3. Confirmar o xuíz certos actos e convenios das partes. 4. Darlle firmeza á decisión dos árbitros, por ter transcorrido o tempo legal para a súa impugnación.

homólogo -a *adx.* 1. *Xeom.* Aplícaselles aos lados de dúas ou máis figuras semellantes colocados na mesma orde. 2. Dise dos termos sinónimos. 3. Dise dos órganos de animais e plantas de forma e función distintos, pero con igual orixe embriolóxica.

homónimo -a *adx.* 1. Dise de dúas ou máis persoas ou cousas que teñen o mesmo nome. 2. *adx.* e *m.* (Dise das) palabras que sendo iguais pola súa forma teñen definicións distintas (*Tarifa*, cidade, e *tarifa* de prezos).

homosexual [ks] *adx.* e *s.* 1. (Dise de) quen se sente atraído polas persoas do seu mesmo sexo, unicamente. *Sin. pex. invertido, maricón.* 2. *adx.* Relativo aos homosexuais. ♦ *Sin. gay. Cf. heterosexual, bisexual, asexual.*

homoxéneo -a *adx.* 1. Dise do conxunto que está formado por elementos da mesma natureza ou moi semellantes. *Ant. heteroxéneo.* 2. De estrutura uniforme, de elementos moi cohesionados. 3. Que non sofre cambios bruscos ou importantes e se mantén máis ou menos do mesmo xeito.